

Á/A ATENCIÓN DE: DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

EXMO. SR. MANUEL CORREDOIRA LÓPEZ

ASUNTO: Ensino de portugués no sistema educativo galego. Convocatoria de prazas nas oposicións de 2016.

Os sindicatos abaixo asinantes **EXPOMOS QUE:**

- Neste ano académico, o número total de estudantes a recibiren aulas desta disciplina aumentou 114%. Concretamente, o aumento das inscricións pasou de 861 no curso 2014-2015 para 1841 no actual. A respecto dos centros, de 31 centros pasouse para 54.
- Estas cifras serían maiores se houbese unha VERDADEIRA APOSTA E INTERÉS por parte da Consellaría de Educación. Así mesmo non teñen unha correspondencia co número de prazas de especialistas de portugués no noso sistema educativo, que na actualidade é CERO. A inexistencia de prazas para o profesorado tradúcese nunha inestabilidade na hora de ensinar a materia: cando se solicita, o Centro debe contar con profesorado que dispoña de horario libre dentro do departamento a que pertence, para se poder ocupar da disciplina. No entanto, esa dispoñibilidade inicial non está garantida para anos posteriores. A isto se suma que se un docente que está a dar portugués mudar de centro, todo o sistema creado pola súa presenza, simplemente desaparece. É por tanto un sistema precario e inestábel.
- Nós mesmos e a DPG consideramos que nos encontramos nun momento importante para a consolidación do ensino do portugués na Galiza. Recentemente foi aprobada a ILP Valentín Paz-Andrade materializada na “Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía” cuxo artigo 1º reza así: *«Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.»*
- Así mesmo reiterando todo o referido no escrito entregue con rexistro de entrada de 17 de decembro de 2010 (que axuntamos ao presente),

cremos por demais **xustificados os argumentos** para a convocatoria de prazas de portugués nas oposicións de 2016 e nos anos vindeiros:

1. Os alumnos e alumnas da Galiza teñen unha vantaxe competitiva ao respecto dos seus iguais no contexto español e europeo: o aceso á 5ª lingua mais falada do mundo, o portugués, a través do galego.
2. A lexislación galega promove o coñecemento da lingua portuguesa polo seu carácter estratéxico.

3. A situación actual é inestábel e non garante a continuidade dos proxectos iniciados podendo vir a desaparecer por cuestións conxunturais. A convocatoria de prazas, polo contrario, é unha medida decididamente estrutural.

POR TODO ISTO SOLICITAMOS:

- UNHA VERDADEIRA APOSTA POR PARTE DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN NA IMPLEMENTACIÓN DA LÍNGUA PORTUGUESA NO ENSINO REGRADO GALEGO.
- Unha correcta e normativa implantación da especialización no ensino da lingua portuguesa como segunda lingua estranxeira, e unha non discriminación dunhas linguas en detrimento doutras.
- A convocatoria de oposición neste curso 2015/2016 para a especialidade de portugués no ensino secundario e o establecemento dunha listaxe de substitucións propia co requisito da titulación e/ou coñecementos que a lexislación actual estableza.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016.

CIG-Ensino

FETE-UGT

CNT

FE-CCOO

CSIF

CUT

STEG

ANPE

DPG